

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*EXTRACTO da Orde do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR450A).*

BDNS (Identif.): 709414.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán solicitar este equipamento os concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos que cumpran as seguintes condicións:

a) Que o solicitante teña unha AVPC con persoal voluntario operativo e asegurado, inscrita no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a Lei 5/2007, do 7 de maio, e o Decreto 56/2000, do 3 de marzo; ou que tivesen presentada oficialmente a solicitude de inscrición de nova AVPC, neste caso a concesión da subvención quedará condicionada á efectiva inscrición, segundo se establece no artigo 59 e concordantes do Decreto 56/2000, do 3 de marzo. Esta condición debe cumprirse, como moi tarde, no último día do prazo de presentación de solicitudes.

b) Ter presentadas as contas a que se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario de 2021 no Consello de Contas de Galicia.

c) Que non teñan recibido o mesmo equipamento por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ou dos organismos e entidades adscritas



a esta con posterioridade ao 1.1.2015 destinado á prestación dos servizos de protección civil e emerxencias.

Se unha vez asignado o equipamento ás entidades locais, tendo en conta a condición anterior, quedase equipamento vacante, este será asignado a entidades locais que xa o teñan recibido despois do 1.1.2015 de acordo coa puntuación acadada na presente orde.

#### Segundo. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias aos concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos galegos que contén con AVPC, inscrita no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a Lei 5/2007, do 7 de maio, e o Decreto 56/2000, do 3 de marzo, e a súa convocatoria para o ano 2023.

O procedemento regulado nesta orde habilitarase na Guía de procedementos e servizos co código de procedemento PR450A.

#### Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR450A).

#### Cuarto. *Importe*

A actuación que se vai desenvolver ten natureza de subvención en especie e o equipamento distribuirase a ceder nas seguintes liñas de axuda:

Liña 1. 21 kits de material loxístico de seguridade viaria.

Liña 2. 21 kits de material para as emerxencias no medio acuático.

Liña 3. 21 kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias.

Liña 4. 8 remolques para a atención ás emerxencias.



Liña 5. 20 tendas de campaña para emerxencias.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2023

Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

